BOLETÍN NÚMERO 23 ABRIL 2023

REDE de INMIGRACIÓN, ESCOLA e SOCIEDADE

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
UNIVERSIDADE DE VIGO
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

I SIMPOSIO INTERNACIONAL DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA (FORINNOVA)

O pasado 27 de outubro celebrouse na Facultade de Formación do Profesorado o I Simposio Internacional de Formación e Innovación Educativa (Forinnova), un punto de encontro para estudantes de maxisterio, profesorado, investigadores, alumnado de doutoramento e profesionais do ámbito educativo.

O evento, presidido polos profesores Pablo C. Muñoz, Carmen Sarceda e Eduardo Fuentes, foi organizado polos Grupos de Investigación MESTURA e GEFIL, ambos pertencentes á rede RIES, así como pola Facultade de Formación do Profesorado da USC, a Universidade Federico Henríquez y Carbajal (UFHEC) de República Dominicana e a Universidade de Playa Ancha (Campus San Felipe) de Chile.

O Simposio contou na súa inauguración coa presenza de diversas autoridades, como o Vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo, a Sra. Alcaldesa do Exmo. Concello de Lugo e a Deputada da Área de "Formación, Ensino e Economía do Coñecemento" da Deputación de Lugo.

Compre sinalar a estreita colaboración con diversas entidades colaboradoras entre as que se atopaban empresas, organizacións, asociacións e importantes institucións públicas que apoiaron a celebración do Simposio, como por exemplo: Anthology, Maxina, o Centro de Formación de Recursos de Lugo, o Forum Europeo de Administradores da Educación (FEAE), o Centro Asociado da UNED de Lugo, a asociación NENEA, o Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da USC, o Equipo de Investigación Eira da UDC, o Concello e a Deputación de Lugo e a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.

Asistiron presencialmente arredor de 200 persoas e virtualmente 107 de diferentes países. Asemade, ao longo da xornada interviron 12 ponentes nacionais e internacionais de recoñecido prestixio que abordaron diferentes temáticas arredor da formación e da innovación educativa, focalizadas en aspectos como: metodoloxías docentes innovadoras, plans de formación docente, boas prácticas en educación infantil e primaria, retos para a formación do profesorado, etc.

O Simposio foi valorado moi positivamente polos asistentes, sendo recoñecido como actividade do PFID e a Secretaría Xeral Académica da USC concedeu ao alumnado asistente da FFP 1 crédito de libre elección. Igualmente foi unha actividade de formación recoñecida polo Doutoramento en Educación da USC.

Ante o impacto positivo de Forinnova, o Comité Organizador baralla a posibilidade de realizar unha nova edición no 2024..

Pablo César Muñoz Carril
Presidente de Forinnova
Coordinador do Grupo de Investigación Educativa MESTURA. Rede RIES
Dpto. de Pedagoxía e Didáctica
Facultade de Formación do Profesorado. Campus de Lugo.
Universidade de Santiago de Compostela

SUMARIO

PÁXINA 1
Editorial

PÁXINA 2
Experiencia Educativa

PÁXINA 5
Experiencia Investigadora

PÁXINA 7
Accións da Rede RIES

PÁXINA 17
Próximas accións da Rede RIES

PÁXINA 18
Próximos Congresos

PÁXINA 20
Novidades Editoriais

PÁXINA 22
Novidades Lexislativas

ISSN 2445-3781

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Intervención en autorregulación de recursos dende a perspectiva da Psicoloxía Aplicada

Durante o curso académico 2022/23 e dentro da materia Autorregulación Cognitivo-Comportamental do Master de Psicoloxía Aplicada da UDC desenvólvese unha actividade que ten por obxecto profundar na avaliación e intervención a partir dos modelos de autorregulación, e no procedemento de investigación científica no ámbito da psicoloxía aplicada.

A experiencia levada a cabo desenvolveuse ao longo do primeiro cuadrimestre e implicaba para o alumnado unha secuencia de fitos que se sintetizan na figura 1.

Figura 1. Fitos da experiencia.

Todos os estudantes respondían en liña a versión española do Time Management Behavior Questionnaire (TMBQ; Macan et al., 1990) desenvolvida por García-Ros e Pérez-González (2012), e que permite avaliar a calidade no establecemento de obxectivos e prioridades, o emprego de ferramentas para a xestión do tempo e o control vs. desorganización do tempo. Esta mesma proba foi completada ao finalizar o trimestre, e permitiunos, ademais de repasar estatísticos de frecuencias e descritivos de medidas, caracterizar os deseños pre-post da investigación de intervención e introducir as probas T para mostras emparelladas traballando cos datos propios.

Ao longo do trimestre o alumnado aplico os principios do Modelo de Autoconcordancia (Sheldon e Elliot, 1999) para os seus obxectivos persoais elaborando un Índice de autoconcordancia baseado nos desenvolvementos da teoría da autodeterminación de Deci e Ryan (2000) (Véxase Figura 2).

Figura 2. Autoconcordancia de propósitos.

PENSANDO EN LOS PRÓXIMOS AÑOS, *MIS PRINCIPALES PROPÓSITOS SON:*	INDICE DE AUTOCONCORDANCIA
1.- Sacarme el	3
2.- Conseguir tener mi	0
3.- Viajar todo lo que pueda	1
4.- Disfrutar	2
5.- Vivir en	2
6.- Despertarme más temprano	1
7.- Pasar menos tiempo con el móvil	0

Me planteo este PROPÓSITO porque	alguien me lo pide/ le gustaría	si no lo intentase me sentiría mal *(culpa, vergüenza, ansiedad...)*	es fundamental para algo que necesito/quiero lograr	Me identifico con esto/ me veo a mi mismo/a haciendo esto
1	1	5	5	4
2	2	4	3	3
3	1	5	2	5
4	3	4	5	4
5	1	4	2	5
6	1	5	4	3
7	1	5	3	3

Introducindo a relevancia do autorrexistro como estratexia/recurso para a intervención en autorregulación, durante a semana do 9 ao 17 de outubro o alumnado rexistrou a súa dedicación de tempo e ao finalizar elaborou unha valoración para partir da análise do propio autorexistro (Véxase Figura 3).

Figura 3. Exemplo de autorrexistro do tempo.

HORA	Lunes 17/10	Martes 18/10	Miércoles 19/10	Jueves 20/10	Viernes 21/10	Sábado 22/10	Domingo 23/10
1	Dormir	Netflix	Leer + Netflix	Leer	TV	Leer	Netflix
2		Dormir	Dormir	Dormir	Dormir	Dormir	Dormir
3							
4							
5							
6							
7							
8							
9	Desayuno	Desayuno			Desayuno	Desayuno	
10	Cita médica	10:30 – 11:45 Gimnasio	Desayuno	Desayuno	10:30 – 12:00 Gimnasio	Dar clase particular	
11	11.30 – 12:30 Gimnasio		Revisión mails trabajo/Máster	11:30 – 12:30 Gimnasio		Tareas Autorregulación y lectura tema 1 Psicología Clínica Salud	Desayuno
12	Aspirar + limpieza general	Desplazamiento al trabajo (coche)	Desplazamiento al trabajo (coche)				Cambio de armarios invierno
13		Trabajo (desde 12:30h)	Trabajo (desde 12:30h)	Bus al trabajo	Bus al trabajo		
14	Cocinar y comer en casa			Trabajo	Trabajo	Cocinar y comer en casa	Comida con
15	Conducir a Arteixo	Comer en colegio	Comer en colegio	Comer en colegio	Comer en el colegio		
16	16:00 – 20:30	16:00 – 21:00	16:00 – 18:00 Autorregulación	16:00 – 19:00	16:00 – 19:00	Lectura tema 1	
17	Trabajo	Trabajo		Trabajo	Trabajo		Paseo por con
18			18:30 – 20:00 Trabajo			Merienda	
19							
20			Vuelta a casa	Bus de vuelta	Bus de vuelta	Resúmenes tema 1	
21	Vuelta a Coruña y compras	Vuelta a casa	Cenar y tomar algo con	Terminar tareas pendientes trabajo	Supermercado Tomar algo con		Preparación de clases
22	Cena	Cena		Cena		Cena	Cena
23	Actualizar tareas Classroom alumnos	Poner lavadora + planchar		Ver programa tv y comentarlo con por grupo whatsapp	Cena	Lavadora + plancha	Zoom con
24	Redes sociales + Netflix	Llamada tlf. (crisis)			Redes sociales + audios whatsapp	Netflix	Leer

VALORACIÓN FINAL: A lo que dedico un mayor número de horas a la semana es al trabajo, ya que tengo clases de lunes a viernes . Este curso he conseguido concentrar , lo que me permite ir varios días al gimnasio por las mañanas. Esta semana (17-23/10) pude disfrutar de momentos de ocio diarios después de cenar (redes sociales, lectura, Netflix) e, incluso, quedar . Son momentos que dedico a con a los que no veo, o veo poco. Sin embargo, a partir de ahora tendré que dedicar varias noches a tareas de si quiero mantenerlo al día, ya que no será suficiente con el fin de semana.

A terceira das tarefas incorporada permitiu traballar coa estratexia de analisis de tarefa TASC de McCardle et al. (2017) como paso previo á implementación de intencións (Gollwitzer e Moskowitz, 1996), que todas as teorías de autorregulación observan dentro dos procesos volitivos que soportan o logro das metas (Véxase Figura 4).

Figura 4. Exemplo de Análise de Tarefa.

Análisis de tarea (TASC)

TAREAS MASTER	TEMPORALIZACION Pasos/división corto plazo	OPERATIVIZACION Acciones/tareas concretas	STANDARD Nivel que deseo alcanzar	CONTENIDOS Competencias/ Aprendizajes que se requieren
(1) Trabajo SLI	24 - 26 de octubre (4 horas)	Buscar y leer artículos para concretar tema	8	
	27 de octubre (1 hora)	Reunirse con docente para dudas y perfilar trabajo	10	
	31 de octubre – 1 de noviembre (4 horas)	Buscar, leer y depurar artículos para la fundamentación teórica	9	Manejo de gestor de bibliografía
	4 – 5 de noviembre (2 horas)	Definir objetivos del trabajo	8,5	
	6-8 de noviembre (3 horas)	Construir esquema base teórica	8	

Para a cuarta parte desta experiencia o alumnado da materia levaba a cabo unha planificación persoal de actividade durante dúas semanas consecutivas atendendo aos criterios de establecemento de prioridades, mantemento de rexistros, diferenciación de pendentes e supervisión do progreso, que a literatura clásica estableceu

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Intervención en autorregulación de recursos dende a perspectiva da Psicoloxía Aplicada

como claves para a xestión efectiva do tempo (Véxase, pe., Macan, 1994; Britton e Tesser, 1991; Claessens et al., 2007)(Véxase Figura 5).

Figura 5. Exemplo planificación semanal.



A valoración desta experiencia por parte do alumnado do Master foi moi positiva, e permitiu traballar dun modo significativo algunhas das teorías e modelos de autorregulación contemplados nos contidos da guía docente da materia. Así mesmo, permitiu introducir de maneira máis elaborativa conceptos relativos á investigación no ámbito de psicoloxía aplicada.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Britton, B. K., e Tesser, A. (1991). Effects of time-management practices on college grades. *Journal of Educational Psychology*, *83*, 405-10.

Claessens, B. J. C., Van Eerde, W., Rutte, C. G., e Roe, R. A. (2007). A review of the time management literature. *Personnel Review*, *36*, 255–276.

Deci, E. L., e Ryan, R. M. (2000). The "what" an "why" of goal pursuits: Human needs and the self-determination of behavior. *Psychological inquiry*, *11*(4), 227-268.

García-Ros, R., e Pérez-González, F. (2012). Spanish version of the time management behavior questionnaire for university students. *The Spanish Journal of Psychology*, *15*(3), 1485-1494.

Macan, T. M., Shahani, C., Dipboye, R., e Phillips, A. (1990). College students' time management: Correlations with academic performance and stress. *Journal of Educational Psychology*, *82*(4), 760-768.

Macan, T. H. (1994). Time management: test of a process model. *Journal of Applied Psychology*, *79*, 381-91.

Macan, T. H., Shahani, C., Dipboye, R. L., e Philips, A. P. (1990). College students' time management: correlations with academic performance and stress. *Journal of Educational Psychology*, *82*, 760-768.

McCardle, L., Webster, E. A., Haffey, A., e Hadwin, A. F. (2017). Examining students' self-set goals for self-regulated learning: Goal properties and patterns. *Studies in Higher Education*, *42*(11), 2153-2169.

Sheldon, K. M., e Elliot, A. J. (1999). Goal striving, need satisfaction, and longitudinal well-being: The self-concordance model. *Journal of Personality and Social Psychology*, *76*, 482-497.

Susana Rodríguez Martínez

Grupo de Investigación GIPED

Departamento de Psicología

Universidade da Coruña

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

As violencias sexuais online: como afectan ao alumnado universitario?

INTRODUCIÓN

En pleno terceiro milenio, os dispositivos tecnolóxicos, as plataformas dixitais e as redes sociais representan un universo case infinito de oportunidades para a educación, a cultura, a comunicación e o lecer. Todos os cambios derivados da incursión da internet e as Tecnoloxías de Relación, a Información e Comunicación (TRIC) (Nogueiras-Bocio et al., 2022) na sociedade tiveron unha influencia innegablemente significativa nas formas de interactuar e vivir. Unha xeración que atopa na contorna *online* un espazo de (des)conexións habituais no seu día a día, evidenciándose, así como a vida *online* e *offline* discorren de forma imbricada. Esta situación de realidade hiperconectada evidencia condutas naturalizadas neste grupo etario. Referímonos, por exemplo, á utilización de Instagram para coñecer a xente, o emprego de aplicacións como Tinder para buscar parella afectivo-sexual, ou o uso de WhatsApp para a xestión e desenvolvemento de relacións.

As dinámicas de violencia de xénero non se atopan á marxe desta realidade hiper-dixitalizada. Fundamentalmente, porque na última década o terrorismo machista afectou con especial virulencia ás mulleres máis novas e impregnou tamén a contorna virtual (Muñiz-Rivas et al., 2023). Neste sentido, ademais de considerar os beneficios que pode supoñer o emprego de dispositivos tecnolóxicos e redes sociais, presúmese incuestionable a necesidade de ter presente tamén os potenciais prexuízos que poden derivarse do seu uso ou abuso. Recentes estudos (ver Machado et al., 2022) revelaron como as TRIC convertéronse en medios para acosar, controlar e agredir ademais de vehiculizar diferentes condutas extremadamente perigosas que fan visible como as violencias machistas invaden tamén a contorna virtual. En concreto, respecto á violencia sexual emerxen múltiples estratexias para agredir e manipular sexualmente na contorna *online*. Referímonos a violencias derivadas das prácticas de *sexting*, como as situacións de *sextorsion*, *grooming* ou o *sexual harrasment online*.

As condutas de *sexting* implican o envío, recepción e reenvío de contidos de tipo sexual ou erótico (incluíndo fotografías, vídeos e/o textos) a outras persoas a través da mensaxería instantánea, as redes sociais ou outros espazos en liña como Zoom (Rodríguez et al., 2021). Evidéncianas apuntan que esta conduta sexual *online* está normalizada a pesar dos seus riscos, especialmente entre as/os adolescentes e universitarias/os (Alonso-Ruído et al., 2018; Mori et al., 2020).

Neste sentido, as condutas de *sexting* aparecen entrelazadas coas dinámicas de extorsión para producir, enviar ou reenviar contidos sexuais, por exemplo, a través de WhatsApp ou Instagram (*sextorsion*). Condutas que non son máis que violencia sexual perpetrada a través destas prácticas de extorsión *online*, tanto cometidas pola parella ou exparella, como por persoas descoñecidas a través de redes sociais ou de citas (ex. TikTok ou Tinder)..

OBXECTIVOS

O estudo desta amálgama de violencias sexuais na rede é unha liña de investigación incipiente no noso país e, máis aínda, en Galicia. En consecuencia, o obxectivo xeral deste traballo céntrase en avaliar as estratexias de ciberviolencia sexual derivadas das condutas de *sexting* (*sextorsion*, *grooming* e *sexual harrasment online*) no colectivo universitario dá Universidade de Santiago de Compostela (USC).

METODOLOXÍA

Trátase dunha investigación non experimental, de carácter exploratorio e descritivo. Deste xeito, a través dunha mostraxe aleatoria intencional estratificada por ámbitos científico-académicos e posteriormente forzado a centros/facultades, seleccionáronse ás/aos participantes do estudo. En concreto, a investigación foi deseñada coa necesidade de garantir a representatividade da poboación de estudantes matriculadas/os na USC. Así, a mostra total está conformada por 3.460 estudantes das cinco áreas de coñecemento da universidade, dos cales o 67.9 % son mozas, os 30.8% mozos e o 1.3% declárase non binario, cunha media de idade de 18.95 (DT=2.34). Tendo como referencia os últimos datos dispoñibles (curso 2019-2020) a USC contaba cun total de 19.060 estudantes matriculadas/os en as Titulacións de Grao, polo que no estudo que aquí se presenta alcánzase a participación de máis do 18% da poboación universitaria de grao. En consecuencia, a presente investigación configúrase a través dun enfoque diagnóstico e representativo da USC.

En relación co instrumento utilizado recorreuse á aplicación dun cuestionario de 30 ítems elaborado *ad hoc* a fin de responder aos obxectivos do estudo, fundamentándose na bibliografía relativa aos tópicos de estudo. Deuse conta dos principios de validez e fiabilidade, a través de obtención de resultados óptimos derivados da análise factorial exploratoria e dun coeficiente adecuado no Alpha de Cronbach da escala. Ademais, cumpríronse os principios éticos establecidos na Declaración de Helsinqui, e seguíronse as recomendacións do comité de bioética da Universidade de Santiago de Compostela, salvagardando a confidencialidade dos datos e o anonimato dos participantes. Para o tratamento dos datos, recorreuse a diferentes análises estatísticas (descritivos e de frecuencias) co apoio do software SPSS (v.27).

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

As violencias sexuais online: como afectan ao alumnado universitario?

RESULTADOS

Os resultados obtidos poñen de manifesto a forte presenza da dixitalidade nas vidas do colectivo universitario, confirmando a existencia de violencias sexuais *online* nas súas dinámicas relacionais. Obsérvase que este tipo de violencia sexual iníciase, en moitas ocasións, na infancia a través do *grooming*. Referímonos a unha violencia que ancora as súas raíces nas dinámicas de *sextorsion*, pero que é perpetrada por persoas descoñecidas a través das redes sociais. Desta forma, o alumnado universitario vítima de *grooming* expresa ser enganado e manipulado con obxectivos sexuais durante a súa infancia a través de Instagram ou espazos en liña similares por parte de persoas adultas. Este fenómeno violento enmascara unha nova forma de abuso sexual a menores, na que unha persoa adulta embauca a un/unha menor co fin de extorsionalo/a sexualmente. Así, os agresores sexuais aprovéitanse do anonimato das redes para acceder ás vidas de nenas e nenos que non teñen as habilidades necesarias para protexerse deste tipo de enganos. É importante destacar que os nosos resultados confirman que son as mozas e o alumnado de xénero non binario os colectivos que máis se identifican como vítimas deste tipo de violencia sexual *online* na súa infancia.

No referido ás violencias sexuais *online* vividas na etapa adulta, os nosos resultados confirman un índice preocupante de victimización por *sextorsion* no colectivo de estudantes universitarios/as. En primeiro lugar, cabe comentar que as condutas de *sexting* revélanse xeneralizadas nos datos recolleitos. De feito, a tendencia estatística confirma que as e os mozos envían, reenvían e reciben contidos (fotos, vídeos ou textos) erótico-sexuais *online* con certa asiduidade. En paralelo, reafirmamos que este comportamento leva parello a victimización por extorsión sexual ou *sextorsion* por parte da parella ou exparella afectivo-sexual. Unha violencia que afecta o alumnado a través de chantaxes, presións e outras formas de extorsión sexual *online* para producir contidos sexuais. As principais vítimas destas estratexias de manipulación sexual perversa *online* son, novamente, as mozas e o estudantado auto identificado como non binario.

En segundo lugar, revélase que o alumnado universitario expresa sufrir situacións que abarcan a recepción de contidos sexuais non desexados ou solicitudes non desexadas para levar a cabo condutas sexuais *online*. É dicir, unha porcentaxe nada desdeñable do alumnado universitario, especialmente nosas estudantes e estudantes non binarios, foron victimizados a través destas dinámicas de *cyber sexual harrasment*.

CONCLUSIÓNS

As múltiples manifestacións de terrorismo sexual contra as mulleres están a cambiar. Tristemente este aparente cambio non fai descender a súa virulencia, referímonos, máis ben, ao vehículo para abusar, acosar e agredir sexualmente. Como se mencionaba en epígrafes precedentes, as contornas *online* ofrecen un abanico moi amplo de oportunidades de interacción e información. Con todo, están a tornarse, progresivamente, en espazos para perpetrar diferentes estratexias de violencia sexual *online*.

Os resultados que aquí se expoñen evidencian que as violencias sexuais *online* están presentes nas vidas das estudantes desde a infancia (a través do *grooming*) ata a etapa adulta (mediante as diferentes estratexias de *sextorsion*). Desde logo, os datos lanzados tampouco son esperanzadores no relativo ao colectivo non binario. De feito, considérase que unha das grandes achegas deste traballo é facer visibles as violencias nun colectivo que aínda se atopa na invisibilidade social. Estes resultados exhortan a urxencia de intervir desde a óptica da pedagoxía feminista, tamén dentro dos muros da Academia.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso-Ruido, P., Rodríguez, Y., Lameiras, M., e Martínez, R. (2018). El Sexting a través del discurso de adolescentes españoles. *Saúde e Sociedade*, *27*, 398-409. https://doi.org/10.1590/S0104-12902018171835

Machado, B., Caridade, S., Araújo, I., e Faria, P. L. (2022). Mapping the cyber interpersonal violence among young populations: A scoping review. *Social Sciences*, *11*(5), 207. https://doi.org/10.3390/socsci11050207

Mori, C., Cooke, J. E., Temple, J. R., Ly, A., Lu, Y., Anderson, N., Rash, C., e Madigan, S. (2020). The prevalence of *sexting* behaviors among emerging adults: A meta-analysis. *Archives of Sexual Behavior*, *49*(4), 1103-1119. https://doi.org/10.1007/s10508-020-01656-4

Múñiz-Rivas, M., Suárez-Relinque, C., Estévez, E., e Povedano-Díaz, A. (2023). Victims of dating violence in adolescence: the role of problematic use of social networks sites, loneliness, and family climate. *Anales de Psicología, 39*(1), 127-136. https://doi.org/10.6018/analesps.499301

Nogales-Bocio, A. I., Marta-Lazo, C., e Gabelas-Barroso, J. A. (2022). La brecha digital rural como fenómeno poliédrico. Estado de la cuestión y apuesta por las TRIC desde una perspectiva relacional. En Aguaded, I., Vizcaíno-Verdú, A., Hernando-Gómez, Á., y Bonilla-del-Río, M. (Eds.), *Redes sociales y ciudadanía: Ciberculturas para el aprendizaje* (pp. 695-700). Comunicar Ediciones.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

As violencias sexuais online: como afectan ao alumnado universitario?

Rodríguez, Y., Alonso-Ruido, P., González, A., Lameiras M., e Faílde, J. M. (2021). Validación de la escala de comportamientos de *sexting* en adolescentes: prevalencia y consecuencias asociadas. *Psicología Educativa*, *27*(2), 177-185. https://doi.org/10.5093/psed2021a9

FINANCIAMENTO

Convocatoria de Axudas á Investigación da Universidade de Santiago de Compostela para a realización de proxectos destinados a desenvolver medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade). Ano 2022.

Patricia Alonso Ruido

Iris Estévez Blanco

Cristina Varela Portela

Grupo de Investigación ESCULCA

Departamento de Pedagoxía e Didáctica

Universidade de Santiago de Compostela

ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSOS, SEMINARIOS E CONGRESOS

CURSO "EDUCACIÓN INCLUSIVA: IGUAIS NA DIVERSIDADE"

Ano 2022

O profesor Millán Brea, do GI GIES, participou no curso da Consellería de Educación "Educación inclusiva: iguais na diversidade", que conta cun total de 50 horas de formación.

PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA REDES DE INVESTIGACIÓN E DOCENCIA UNIVERSITARIA TEMÁTICA (CONVOCATORIA 2021-2022)

Ano 2022

A profesora Myriam Alvariñas Villaverde, do GI GIES, participou no programa Redes de Investigación en Docencia Universitaria 2021-22 como membro do proxecto "Google classroom como ferramenta didáctica para a aprendizaxe da estatística nas Ciencias do Deporte" (Redes-2021-5529).

XORNADAS DE FORMACIÓN SOBRE INNOVACIÓN EDUCATIVA E DOCENTE

Pontevedra, Ano 2022

Varios membros do GI GIES asistiron ás Xornadas de Formación sobre Innovación Educativa e Docente, celebradas no 2022 na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra (Universidade de Vigo).

CURSO INTERNACIONAL "DESEÑO DE PROXECTOS DE APRENDIZAXE-SERVIZO (APS)

Online, 12-16 de setembro de 2022

A profesora Lorena Casal, do GI TECNOEDUC, impartiu o Curso Internacional "Deseño de Proxectos de Aprendizaxe-Servizo (ApS) no marco da Rede Ecuatoriana de Pedagoxía. O curso constou de 5 sesións que tiveron lugar online os días 12, 13, 14, 15 e 16 de setembro.

COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DOWN PONTEVEDRA XUNTOS

Pontevedra, setembro-decembro de 2022

A profesora Myriam Alvariñas Villaverde, do GI GIES, colaborou durante o primeiro cuadrimestre coa Asociación Down Pontevedra Xuntos. Neste senso, desenvolveu actividades de sensibilización e intervención en dita entidade con alumnado do Mestrado de Profesorado.

PARTICIPACIÓN NUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO NO MARCO DO PROXECTO UNISF

Outubro de 2022

A profesora Susana Rodríguez, do GI GIPED, participou nas xornadas "Métodos de investigación en ciencias sociais aplicados aos estudos do envellecemento. Enfoques cuantitativos e escalas psicométricas" no Programa de Doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento no marco do proxecto UNISF (Universidade sem Fronteiras).

ACCIÓNS DA REDE RIES

ESTREA DA CANLE YOUTUBE "TRIUNFAR CON DISLEXIA"

Online, 3 de outubro de 2022

A Unidade de Investigación e Intervención en Dislexia –UIID– do GI ESCULCA vén de estrear a canle de YouTube "Triunfar con Dislexia", na que semanalmente compartirá información sobre este trastorno.

PARTICIPACIÓN NAS XORNADAS CULTURAL LABORAL EN INVESTIGACIÓN

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2022

A profesora Susana Rodríguez, do GI GIPED, foi convidada a participar nas Xornadas Cultura Laboral en Investigación, organizadas por Marea Roja de la Investigación, InvestiGal e a Asamblea de Investigadoras de Compostela (AIC), donde compartiu o seu traballo sobre saúde mental na investigación.

PARTICIPACIÓN NA MESA REDONDA "NUEVOS RESTOS SOCIALES, NUEVOS RETOS EDUCATIVOS: ODS 4 Y AGENDA 2030

A Coruña, 22 de outubro de 2022

O profesor Pablo C. Muñoz, do GI MESTURA, participou o 22 de outubro na Mesa Redonda titulada "Nuevos retos sociales, nuevos retos educativos: ODS 4 y Agenda 2030", no marco das XXIX Xornadas Estatais FEAE 2022.

70 ANOS DESPOIS DE MARÍA MONTESSORI: CAL É A SÚA PRÁCTICA

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2022

O 26 de outubro, no marco das actividades da Comisión de Cultura e Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias da Educación, desenvolveuse o faladoiro "70 anos despois de María Montessori: cál é a súa práctica", impartido polo Prof. Dr. Miguel Lois-Mosquera da University College London. A actividade, que se levou a cabo ás 16:00 no Salón de Actos da FFCC no Campus Norte, estivo destinada ó alumnado de 1º do Grado de Mestre/a en Educación Primaria e organizado por Patricia Ruido e David García, pertencentes ó GI-ESCULCA.

I SIMPOSIO INTERNACIONAL DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA (FORINNOVA)

Lugo, 27 de outubro de 2022

O pasado 27 de outubro celebrouse na Facultade de Formación do Profesorado o I Simposio Internacional de Formación e Innovación Educativa (Forinnova), organizado polos Grupos de Investigación MESTURA e GEFIL, así como pola Facultade de Formación do Profesorado da USC, a UFHEC de República Dominicana e a Universidad Playa Ancha de Chile.

ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSO DE FORMACIÓN PARA DOCENTES DE ALUMNADO CON CANCRO

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2022 - 27 de xaneiro de 2023

As profesora Beatriz Cebreiro e Carmen Fernández Morante, do GI TECNOEDUC, impartiron o curso de "Formación para docentes de alumnado con cancro" (FD0135) no marco do Programa de Formación Específica e a Demanda da Universidade de Santiago de Compostela. O curso comezou o 27 outubro do ano pasado e finalizou o 27 de xaneiro deste ano.

PARTICIPACIÓN NO MARCO DO PROXECTO WOMEN 55+ VERSUS COVID-19

A Coruña, 28 de outubro de 2022

A profesora e membro do GI GIPED Isabel Piñeiro impartiu o obradoiro titulado "Estereotipos cara a vellez: desmontando estereotipos sobre a idade e o sexo". O obradoiro realizouse dentro do Proxecto Women 55+ versus COVID-19, do Programa ERASMUS + da Unión Europea, e impartiuse na Universidade Sénior.

INICIA O PROXECTO "COMMUNITY FUNDS OF KNOWLEDGE AND IDENTITY. ARTICULATING EDUCATION AND SOCIAL AGENTS ACROSS SETTINGS AND TIME", CON PARTICIPACIÓN DO GI ESCULCA

Cataluña e Galicia, 31 de outubro de 2022

O proxecto coordinado polo Institut de Recerca Educativa da Universitat de Girona, vén financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación para realizar unha investigación sobre a noción dos Fondos Comunitarios de Coñecemento e Identidade e o desenvolvemento de proxectos educativos centrados neste concepto en diferentes centros de educación primaria e secundaria. Estes desenvolveranse nas localizacións da provincia de Girona: Albóns, Soses, Banyoles e Celrá; nun barrio da cidade de Barcelona e no centro IES Félix Muriel de Rianxo. Neste último, levarase a cabo unha investigación-acción liderada polas membros do GI ESCULCA Gabriela Míguez e David García, encadrada no traballo feito no proxecto educativo "Biocultura pola sustentabiliade" coordinado polo profesor Rafael Saco e con profundas alianzas coa Plataforma de defensa do monte.

I XORNADAS EN PROL DA IGUALDADE DE XÉNERO OFFLINE E ONLINE: DO SEXTING Á SEXTORSIÓN

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2022

O GI ESCULCA organiza o "I Xornadas en prol da Igualdade de Xénero offline e online: do sexting á sextorsión". Na súa primeira edición abordáronse os resultados do estudo "Do sexting á sextorsion: avaliación das novas formas de violencia sexual online no colectivo universitario" realizado na Universidade de Santiago de Compostela. Un estudo financiado pola Convocatoria de axudas á investigación da Universidade de Santiago de Compostela para a realización de proxectos destinados ao desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero [Ministerio de Igualdade, ano 2022]. Ademais, afondouse neste tipo de violencias sexuais online reflexionando sobre as claves para a súa intervención pedagóxica. As xornadas estiveron abertas a toda a comunidade universitaria e celebráronse no salón de actos da Facultade de Ciencias da Educación a mañá do venres día 4 de novembro.

ACCIÓNS DA REDE RIES

PARTICIPACIÓN NAS VIII XORNADAS DE INNOVACIÓN DOCENTE

Sevilla, 10 de novembro de 2022

Membros do GI TECNOEDUC impartiron a conferencia "Aprendizaxe-Servizo (ApS): Unha metodoloxía para a innovación educativa na Universidade" no marco das VIII Xornadas de Innovación Docente, que se celebraron o 10 de novembro en Sevilla.

XIV SEMINARIO NACIONAL DE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO INMIGRANTE. A ESCOLA COMO EIXO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS REFUXIADAS

Santiago de Compostela, 11-12 de novembro de 2022

O GI ESCULCA organizou o XIV Seminario Nacional Atención Educativa ao Alumnado Inmigrante, que nesta edición centrouse na escola como eixo de atención ás persoas refuxiadas. O Seminario celebrouse en formato presencial os días 11 e 12 de novembro de 2022. Ademais, solicitouse a homologación á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades como actividade de formación permanente do profesorado (12 h).

II PREMIOS A TRABALLOS FIN DE MESTRADO

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

O 16 de novembro, a graduada en Pedagoxía e investigadora predoutoral Tania Ramos García acadou o segundo premio na convocatoria dos II Premios a Traballos Fin de Mestrado en Educación 2021/2022 no seo do GI ESCULCA. O seu Traballo Fin de Mestrado que ten por nome "Análise da avaliabilidade do programa socioeducativo Espazos de Preservación Familiar" e dirixido pola profesora Mar Lorenzo, centrouse en avaliar o devandito programa implementado pola Fundación Meniños e a Asociación ARELA.

RECOÑECEMENTO DE EDUTEC

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2022

A Asociación para o desenvolvemento da Tecnoloxía Educativa e das Novas Tecnoloxías Aplicadas á Educación, durante a celebración do XXV Congreso Internacional EDUTEC 2022, que se celebrou na Universitat de les Illes Balears e na cidade de Palma, otorgou un recoñecemento ao GI TECNOEDUC pola traxectoria de apoio brindado desde os inicios de EDUTEC.

PREMIO INTERNACIONAL AFUNDACIÓN DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA

Santiago de Compostela, 18 Novembro 2022- 28 de febreiro de 2023

Afundación crea un premio internacional para recoñecer a traxectoria en investigación educativa. O prazo de presentación ao Premio Internacional Afundación de Investigación Educativa, que foi presentado no XVII Congreso Nacional e IX Iberoamericano de Pedagoxía (Santiago de Compostela, 7-9 de xullo de 2021), rematou o día 28 de febreiro de 2023.

SEMINARIO "IMPLICACIÓN FAMILIAR E CÍVICO-SOCIAL NAS COMUNIDADES DE ACOLLIDA"

Xinzo de Limia (Ourense), 18, 19, 25 e 26 de novembro

O Grupo de Investigación Esculca en colaboración co Concello de Xinzo de Limia organizou o Seminario "Implicación familiar e cívico-social nas comunidades de acollida" que se desenvolveu presencialmente na vila limiá os días 18, 19, 25 e 26 de Novembro de 2022. Posteriormente, houbo tamén parte de formación a distancia na cal se reforzaron os contidos traballados.

ACCIÓNS DA REDE RIES

INVITACIÓN AO PROFESOR EDUARDO FUENTES POLA ASOCIACIÓN LAR DE UNTA

A Coruña, 24 de novembro de 2022

O profesor Eduardo Fuentes, do Grupo de Investigación Educativa MESTURA, foi invitado pola Asociación Lar de Unta para realizar unha disertación sobre o edificio do antigo Instituto Laboral de Betanzos e presentar a obra de Antonio S. Río Vázquez, profesor da Escola de Arquitectura da Universidade da Coruña.

CURSO DE DISLEXIA NO INSTITUTO DE NEUROEDUCACIÓN E DESARROLLO COGNITIVO (MÉXICO)

Online, 3 de decembro de 2022

O pasado 3 de decembro a profesora do GI Esculca, Paula Outón Oviedo, impartiu un curso online no Instituto de Neuroeducación e Desarrollo Cognitivo (México), titulado "Reeducando la lectura y escritura: El programa ABC Dislexia".

Os contidos do curso foron os seguintes:

- Características xerais do programa ABC dislexia.
- Abordaxe da exactitude lectora e ortográfica básica: desenvolvemento da conciencia fonolóxica e aprendizaxe das correspondencias G-F e F-G.
- Mellora da fluidez lectora: estratexias para unha lectura veloz e expresiva.
- Intervención nas habilidades de escritura: adquisición da ortografía e a expresión escrita.

PARTICIPACIÓN NO INSTITUTO DE EDUCAÇAO (UNIVERSIDADE DO MINHO)

Portugal, 9 de decembro de 2022

A Profesora María Eulalia Agrelo, do GI GIES, participou o pasado 9 de decembro co relatorio "Rumos actuáis da invetigaçao em literatura para a infancia e a juventude" no Instituto de Educaçao da Universidade do Minho.

DIVERSOS MEETINGS E ACTIVIDADES VINCULADOS A PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

España, Austria e Estonia, decembro de 2022- marzo de 2023

Membros do GI TECNOEDUC participaron en diversos meetings e actividades vinculados a proxectos de investigación dende decembro do ano pasado ata marzo deste ano: Meeting Proxecto ETK (12-13 de decembro, Viena), actividade de difusión National Event Proxecto EKT (30 de xaneiro, Galicia), actividade de difusión National Event UPSscale (30 de xaneiro, Galicia), Transnational Meeting Proxecto DTICEQT (2-3 de febreiro, Galicia), Multiplier Event Proxecto UPSscale (3 de febreiro, Galicia), Conferencia Final Proxecto DTICEQT (3 de febreiro, Galicia), Meeting Proxecto ABILITI (12-13 de febreiro, Tallin), Meeting Proxecto UPScale (23-24 de marzo, Sevilla) e National Event Proxecto EKT (23-24 de marzo e 30-31 de marzo: Almería, Alicante e Valencia).

PARTICIPACIÓN DA PROFESORA PAULA OUTÓN NA I XORNADA DE PSICOLOXÍA APLICADA

A Coruña, 14 de decembro de 2022

O día 14 de decembro de 2022, a profesora do GI ESCULCA Paula Outón participou na I Xornada de Psicoloxía Aplicada, que se celebrou na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, cun relatorio titulado "Diagnóstico e Intervención en Dislexia". O obxectivo destas xornadas radicou en dar a coñecer algunhas das liñas de traballo vinculadas á Psicoloxía Aplicada que se están a desenvolver por profesionais e asociacións da contorna.

ACCIÓNS DA REDE RIES

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN "A EDUCACIÓN TEN FACIANA DE MULLER"

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2022

O proxecto "A educación ten faciana de Muller" circunscríbese a materia de "Teoría e Historia da Educación Escolar" na que o alumnado realiza unha viaxe desde as principais figuras pedagóxicas da ilustración ata as/os referentes contemporáneos. Con todo, a pesar de que na actualidade a historiografía galega é basta, a atención as mulleres que contribuíron a sentar as bases do fenómeno educativo é aínda escasa. Referímonos a mestras e/ou, pedagogas no eido da educación en Galicia, que son absolutas descoñecidas para a maioría do alumnado, pese a que o ensino en particular e a educación en xeral son espazos tradicional e estéreo tipicamente asignados as mulleres. Neste sentido, o proxecto non só trata de comprometerse con esta realidade, senón que vai mais aló, dá resposta á unha necesidade social e educativa: educar dende perspectiva de xénero (ODS 5). Deconstruír a pegada androcéntrica neste eido é unha necesidade que se estende máis alá da propia materia, sendo necesaria dunha maneira transversal nas titulacións educativas, que seguen rexidas por referentes masculinos. Desta maneira, a materialización desta proposta deriva na elaboración de pósteres por parte do alumnado da materia. Nestes pósteres se abordan a mulleres referentes da educación na nosa contorna mais próxima, xa que, tampouco en Galicia a historia foi xenerosa coas mulleres. A inauguración da exposición dos traballos do alumnado circunscrita ao proxecto "A educación ten faciana de Muller", tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación (Edificio Xoán XXIII – Campus Norte) o 14 de decembro. Esta exposición estivo financiada pola Comisión de Cultura e Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias da Educación (USC).

OBRADOIRO DE HABILIDADES INTERCULTURAIS

Ourense, 15 de decembro de 2022

A profesora Cristina Varela Portela e o profesor Alexandre Sotelino Losada, membros do GI Esculca, participaron o día 15 de decembro en Ourense na actividade organizada polo Espazo Xove de Ourense e o FIR 2022 titulada "Obradoiro de habilidades interculturais". Esta formación dirixiuse a educadores/as, técnicos/as de integración social, traballadoras/es sociais e toda aquela persoa interesada neste eido pedagóxico.

PROGRAMA DE BACHARELATO DE EXCELENCIA EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA (STEMBACH)

A Coruña, 19 decembro 2022

A Profa. Iris Estévez, membro do GI Esculca (USC) e a Profa. Alba Souto do GI Mestura (USC) deron comezo ó desenvolvemento do Proxecto de Investigación, no marco do Programa STEMbach da USC (bienio 2022-2024), que leva por título "Sentimos medo cando non dispoñemos do teléfono móbil?: Análise da nomofobia en estudantes de Educación Secundaria" xunto co CPR Tirso de Molina (Ferrol). O proxecto dirixido por ambas profesoras que está creado ao abeiro da Estratexia galega para a educación dixital, promove a vocación do alumnado cara a investigación científica e tecnolóxica e permite unha conexión directa co ensino universitario.

CURSO "XESTIÓN DO TEMPO: O TRELLO COMO FERRAMENTA COLABORATIVA"

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2022

O GI ESCULCA organizou o Curso "Xestión do tempo: o Trello como ferramenta colaborativa", que tivo lugar o día 20 de decembro de 2022. Este curso, que estivo impartido polo profesor Gumersindo Feijoo (catedrático de Enxeñaría Química da USC), centrouse no programa Trello, unha aplicación de organización e xestión de tarefas e tempos.

ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSOS IMPARTIDOS NO MARCO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE (PFID)

Online e presencial en Santiago de Compostela, xaneiro - marzo de 2023

A profesora Lorena Casal, do GI TECNOEDUC, participou na impartición de diversos cursos no marco do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da Universidade de Santiago de Compostela durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo, entre eles: "Protección de datos e a docencia universitaria. Entre a nova normativa e as esixencias prácticas" (PFID.22dp-01), "As rúbricas como instrumento de avaliación formativa na Educación Superior" (PFID.22ea-13) e "Protección de datos e investigación" (PFID.22dp-02).

I XORNADA SOBRE DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

Pontevedra, 13 de xaneiro de 2023

Membros do GI TECNOEDUC participaron na I Xornada sobre diversidade afectivo-sexual, que tivo lugar o pasado 13 de xaneiro na Academia Galega de Seguridade Pública da Xunta de Galicia (AGASP). O obxectivo foi a presentación do borrador do "Protocolo sobre tratamento de forzas e corpos de seguridade en relación coa orientación sexual e identidade de xénero das persoas", desenvolvido por un equipo de especialistas do Grupo de Tecnoloxía Educativa e do Centro de Estudos de Seguridade (CESUG) da Universidade de Santiago de Compostela.

XORNADA DE PRESENTACIÓN DE RESULTADOS DO ESTUDO "VOLUNTARIADO E PARTICIPACIÓN SOCIAL NOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS: ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS E APRENDIZAXES"

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

O día 19 de xaneiro de 2023 tivo lugar unha xornada de presentación de resultados do Estudo "Voluntariado e participación social nos estudos universitarios: adquisición de competencias e aprendizaxes". Este estudo, no que participan varios membros do GI ESCULCA, é froito dun convenio asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Mutua Madrileña e a Universitat de Girona.

SEMINARIOS PARA ALUMNADO DE IV CICLO E EXTERNO

Santiago de Compostela, febreiro-marzo de 2023

A profesora Beatriz Cebreiro, do GI TECNOEDUC, impartiu nos meses de febreiro e marzo dous seminarios programados para alumnado de IV Ciclo e externo: "Alfabetización dixital básica para as cidadás e os cidadáns dixitais" (17, 23, 27 y 28 de febreiro) e "Mellorando a alfabetización dixital para as cidadás e os cidadáns dixitais" (20, 22, 27 e 29 de marzo).

ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN

ESTADÍA DE LAURA GARCÍA DOCAMPO NA UNIVERSITAT DE LES ILLES BALEARS

Illas Baleares, 19 de setembro – 19 de outubro de 2022

Dende o día 19 de setembro ata o 19 de outubro de 2022, a doutoranda Laura García Docampo, do GI ESCULCA, realizou unha estadía na Universitat de les Illes Balears (UIB), baixo a supervisión do Prof. Dr. Sebastià Verger Gelabert, no seo do Grupo de Investigación Escuela inclusiva y diversidad (GREID).

ACCIÓNS DA REDE RIES

ESTADÍA DA PROFESORA CARMEN FERNÁNDEZ MORANTE

Portugal, novembro de 2022

A profesora Carmen Fernández Morante, do GI TECNOEDUC, realizou unha pequena estadía internacional de investigación na Universidade do Minho (Portugal) durante o mes de novembro do ano pasado.

ESTADÍA NO GI ESCULCA DA PROFESORA ALEIDA FURTADO DA UNIVERSIDADE DE CABO VERDE

Santiago de Compostela, 21-25 de novembro de 2022

A profesora Aleida Patrícia Monteiro Furtado, da Universidade de Cabo Verde (Faculdade de Educação e Desporto – UniCV), realizou unha estadía no GI Esculca dende o 21 ata o 25 de novembro. A súa estadía, vinculada ao Programa Erasmus+, ten como obxecto fomentar a investigación sobre a inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais en Cabo Verde.

ESTADÍA DE CAROLINA RODRÍGUEZ LLORENTE NA *UNIVERSITY OF KYOTO* (KYOTO, XAPÓN)

Kyoto, Xapón, xaneiro- marzo de 2023

Carolina Rodríguez Llorente, do GI GIPED, está a realizar unha estadía de investigación na Kyoto University (Kioto, Xapón) como parte dos seus estudos de doutoramento. Esta estadía está supervisada polo Prof. Dr. Emmanuel Manalo.

PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

FINANCIAMENTO DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA

O GI GIPED recibe novamente financiamento ata 2024 por parte da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de axudas para a consolidación de unidades de investigación competitivas nas universidades do SUG, dentro da modalidade "Grupos de Potencial Crecemento".

PROXECTO DO MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN NO GI ESCULCA

O GI Esculca vén de acadar un novo proxecto na convocatoria de "Proyectos de Generación de Conocimiento" (2021) do Ministerio de Ciencia e Innovación e cofinanciado pola Unión Europea, que ten por título "El impacto de la universidad en la comunidad a través de los proyectos de Aprendizaje-Servicio. Un estudio centrado en la reciprocidad (ApS(C))". Neste proxecto participan diferentes universidades, entre as que figuran:

- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidad de Navarra
- Universidad de Jaén
- Universidade da Coruña
- Universidad Nacional de Educación a Distancia
- Universidad Pablo de Olavide
- Universidad de Castilla-La Mancha
- Universidade de Vigo
- Universidad de Valencia
- National University of Ireland-Galway
- Universidade do Porto
- Harvard University

ACCIÓNS DA REDE RIES

PROXECTO CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Membros do GI GIES acadaron un proxecto no marco da Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa 2022 da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Universidade de Vigo). O proxecto de innovación levou por nome "Tratamiento indisciplinar en las materias en la enseñanza superior" e pretendeu fomentar a aplicación práctica de innovacións desenvolvidas e a súa transferencia.

PROXECTO DO MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN

O GI GIPED vén de acadar un proxecto do Ministerio de Ciencia e Innovación financiado dentro da convocatoria de Proxectos de Xeración de Coñecemento 2021, no marco do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia, do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023. O proxecto, do que son IPs Susana Rodríguez Martínez e Antonio Valle Arias, leva por título "Implicación parental de calidade: Consecuencias para o compromiso escolar e o benestar do estudante".

PROXECTO EUROPEO NA CONVOCATORIA ERASMUS+

O GI ESCULCA vén de acadar un proxecto europeo na convocatoria Erasmus+ (Acción Clave 2: Cooperación entre organizacións e institucións de Educación Superior). O eixo do proxecto ten que ver coa "Mobilización de recursos universidade-comunidade a través do ApS(M) para a inclusión de persoas migrantes/refuxiadas" (2022-1-ES01-KA220-HED-000087650). Baixo a coordinación do Profesor Miguel A. Santos Rego, conta coa implicación tanto de universidades europeas, University of Galway (Irlanda) e Università degli studi di Verona (Italia), como de entidades sociais, ACCEM (España) e Cooperativa sociale Glocal Factory (Italia).

PRÓXIMAS ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSOS, SEMINARIOS E CONGRESOS

VIII SEMINARIO DE DOUTORAMENTO EN EDUCACIÓN

Santiago de Compostela, 19-20 de abril de 2023

O Grupo de Investigación Esculca organiza o "VIII Seminario de Doutoramento en Educación: Investigación para un futuro de calidade nas nosas Facultades de Ciencias da Educación", que se celebrará o 19 e o 20 de abril de 2023 na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida).

ACTIVIDADE VINCULADA AO NATIONAL EVENT PROXECTO EKT

San Sebastián, 27-28 de abril de 2023

O GI TECNOEDUC participará nunha actividade vinculada ao National Event Proxecto EKT, que terá lugar en San Sebastián os días 27 e 28 de abril.

PRÓXIMOS CONGRESOS

II CONGRESO INTERNACIONAL INNOVACIÓN DOCENTE, EDUCACIÓN E TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO. CIINECO 2023

Virtual, 20-21 de abril de 2023

Este congreso configúrase como un espazo de encontro entre investigadores/as e docentes de todas as áreas de coñecemento pero que comparten unha preocupación común, co propósito de fomentar a investigación no ámbito educativo, prestando especial atención á innovación como factor diferencial para a motivación dos e das estudantes. Neste sentido, preténdense os seguintes obxectivos: xerar un espazo de debate, intercambio e reflexión sobre modalidades innovadoras de ensino/aprendizaxe para profesorado e investigadores/as; presentar actividades de innovación educativa emerxentes que poden ser aplicadas en todas as áreas de coñecemento; expoñer accións de transferencia do coñecemento co fin de mostrar a vinculación entre a universidade e a sociedade; e trasladar os principais resultados á comunidade educativa, de maneira que docentes de calquera disciplina poidan aplicar prácticas innovadoras emerxentes na aula.

Máis información: https://ciineco.org/

VIII CONGRESO INTERNACIONAL DE DOCENCIA UNIVERSITARIA. CINDU 2023

Vigo, 12-15 de xuño de 2023

Esta oitava edición do Congreso Internacional de Docencia Universitaria organizado pola Universidade de Vigo celebrarase na modalidade virtual. Proponse como un espazo para o intercambio de experiencias investigadoras ou innovadoras entre profesionais da educación. Desde esta premisa, pretende ser un punto de encontro entre todas aulas persoas interesadas na docencia universitaria.

Máis información: http://cindu2023.webs.uvigo.es/

9TH INTERNATIONAL CONFERENCE ON HIGHER EDUCATION ADVANCES. HEAD'23

Valencia, 19-23 de xuño de 2023

Esta conferencia é un foro consolidado para que investigadores/as e profesionais intercambien ideas, experiencias, opinións e resultados de investigación relacionados coa formación dos e as estudantes, as metodoloxías de ensino/aprendizaxe e a organización dos sistemas educativos. Os temas que se abordarán nesta edición inclúen, entre outros: experiencias innovadoras de ensino e aprendizaxe, tecnoloxías educativas emerxentes, estratexias e metodoloxías de e-learning, novas teorías e modelos de ensino e aprendizaxe, globalización e internacionalización, empregabilidade e emprendemento, educación baseada en competencias, e STEM e educación para a saúde. Espérase que participantes de todo o mundo presenten os seus achados de investigación máis recentes e inéditos. O comité do programa alenta a presentación de artigos que comuniquen achados aplicados e empíricos de interese para os e as profesionais da educación superior.

Máis información: https://headconf.org/

PRÓXIMOS CONGRESOS

XI CONGRESO INTERNACIONAL DE PSICOLOXÍA E EDUCACIÓN. CIPE 2023

Valencia, 26-28 de xuño de 2023

O lema desta undécima edición "Benestar Psicolóxico e Dixitalización: o gran reto da psicoloxía hoxe", pon de manifesto cal vai a ser o eixe central do mesmo. En momentos complexos e difíciles, como os actuais, o benestar ha de ser asunto prioritario para a cidadanía. É indubidábel que a dixitalización produce, como non podía ser doutro modo, efectos perniciosos, que haberá que paliar ou incluso evitar, e saudables, que deberán potenciarse, sendo conscientes de que xustamente este é o gran reto dos nosos días. O congreso está dirixido ás persoas interesadas na Psicoloxía e a Educación, tanto alumnado de grao e de posgrao como profesionais en activo ou docentes e investigadores/as. Nunha sociedade caracterizada e definida como da aprendizaxe, os avances psicoeducativos resultan a todas luces imprescindibles.

Máis información: https://www.cipe2023.com/index.php/es/

15TH INTERNATIONAL CONFERENCE ON EDUCATION AND NEW LEARNING TECHNOLOGIES. EDULEARN23

Palma, 3-5 de xullo de 2023

EDULEARN é, desde fai 15 anos, unha das maiores conferencias internacionais de educación para que profesores/as, investigadores/as, tecnólogos/as e profesionais da educación compartan a súa experiencia sobre metodoloxías de ensino-aprendizaxe e presenten os seus proxectos.

Máis información: https://iated.org/edulearn/

XII CONGRESO CIDUI 2023

Lleida, 4-6 de xullo de 2023

Esta edición leva por título "Mellora das experiencias de aprendizaxe: transformación e retos". As universidades de todas partes atópanse inmersas en contornas de gran complexidade e procesos de cambio que comportan transformar os modelos docentes. Estes procesos deberían axudar a cumprir a primeira misión da universidade, que non é outra que asegurar a calidade dos resultados de aprendizaxe dos e das estudantes. O alumnado ten que ocupar o centro do seu proceso de aprendizaxe, tanto desde a vertente individual como compartida, á vez que os e as docentes xogan un papel clave no momento de orientar as experiencias de aprendizaxe e no desenvolvemento competencial ao longo de todo o itinerario formativo, sen esquecer as oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías. Tendo en conta estes retos, o congreso centrará a atención na necesidade de buscar estratexias para promover contornas de calidade que favorezan unha maior personalización e transversalidade do proceso formativo.

Máis información: https://www.cidui.org/es/xii-congreso-cidui-2023/

XI CONGRESO INTERNACIONAL MULTIDISCIPLINAR DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA. CIMIE23

Santander, 6-7 de xullo de 2023

O congreso, organizado pola Asociación Multidisciplinar de Investigación Educativa (AMIE), desenvolverase en formato multidimensional da seguinte maneira: polas mañás dos días 6 e 7 celebraranse as sesións presencialmente mentres que, pola tarde, desenvolveranse as sesións en formato online. Desde a organización habilitaranse espazos para que as persoas que asistan presencialmente se o queren, polas tardes poidan conectarse online cos seus dispositivos electrónicos. Ademais, haberá algunhas sesións que se poderán seguir en streaming como a sesión inaugural, a clausura e algúns paneis.

Máis información: https://amieedu.org/

PRÓXIMOS CONGRESOS

IX CONGRESO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E DOCENCIA EN REDE (IN-RED 2023)

Valencia, 13-14 de xullo de 2023

LA INNOVACIÓN EDUCATIVA SE CITA EN VALENCIA EN JULIO DE 2023

Actualmente, as universidades atópanse inmersas en contornas de gran complexidade con cambios transformadores como os ambientais, interculturais, tecnolóxicos, científicos, que teñen implicacións de alcance na formación dos/as nosos/as estudantes. Neste contexto, a cuestión do éxito universitario a longo prazo, non se pode centrar só na obtención dun título, senón que debe abordar tamén o tipo de formación que se lles ofrece para facer posible que os/as nosos/as titulados/as poidan enfrontarse a un mundo que cambia rapidamente e en contextos sociais e, a miúdo persoais, turbulentos e moi esixentes. Tendo en conta estes retos o congreso, baixo o lema "Modelos docentes transformadores para unha aprendizaxe ao longo da vida", explorará algunhas cuestións como: Que contornas de aprendizaxe poden resultar valiosas para os/as estudantes? Que tipo de prácticas educativas habería que impulsar para promover experiencias de aprendizaxe de alto impacto? Que papel poden xogar as tecnoloxías neste escenario? Innovación Educativa e Docencia en Rede son as áreas deste evento, que nestes tempos adquiriron maior relevancia se cabe, como recursos de axuda, no ensino para os e as docentes e na aprendizaxe para o alumnado.

Máis información: https://inred.blogs.upv.es/

ECER'23. THE VALUE OF DIVERSITY IN EDUCATION AND EDUCATIONAL RESEARCH

Glasgow, 22-25 de agosto de 2023



Con este evento, EERA espera fomentar o debate e el diálogo relacionados co tema da diversidade na educación e na investigación educativa e explorar a realidade vinculada da diversidade como motor do cambio social. Neste sentido, perséguese o obxectivo de abordar as múltiples formas de diversidade na investigación educativa, xa sexan conceptuais, contextuais ou metodolóxicas, e explorar a creación dunha ampla gama de prácticas dentro e entre cada unha. En última instancia, busca resaltar os éxitos y desafíos resultantes do compromiso dos e das investigadoras e a investigación educativa para abordar e incluír a diversidade en todos os aspectos do que facemos. Como contribúe a investigación educativa a desentrañar os desafíos que presenta a crecente visibilidade das diferentes formas de diversidade? Como dá conta dos diferentes enfoques, métodos e resultados que se desenvolveron en contextos educativos de todo o mundo e proporciona información para elaborar medidas de políticas educativas inclusivas?

Máis información: https://eera-ecer.de/ecer-2023-glasgow/

11TH INTERNATIONAL CONGRESS OF EDUCATIONAL SCIENCES AND DEVELOPMENT. ICESD

Virtual, 18-20 de outubro de 2023

Este congreso virtual está dirixido a académicos/as e profesionais, investigadores/as e formadores/as, educadores/as e estudantes, xestores/as, administrativos/as e directores/as de todos os ámbitos das Ciencias da Educación e a Psicoloxía do Desenvolvemento. Enfocado especialmente a persoas que traballan no ámbito da Educación Familiar, Escolar e/ou Comunitaria e no da Psicoloxía do Desenvolvemento Humano a nivel práctico e/ou teórico. Durante tres días presentarase o programa científico dividido en conferencias, sesións prácticas, simposios invitados, relatorios orais e escritos.

Máis información: https://www.internationaleducationcongress.com/

NOVIDADES EDITORIAIS

Buhigas, J. (2023). *El notable oficio de la educación. Cartas de un profesor*. La Esfera de los Libros.



Cerdá, Mª C., e García-Andalete, J. (2023). *Las dificultades específicas de aprendizaje. Desde la Ley General de Educación hasta la actualidad*. Tirant Humanidades.

Díaz-Aguado, M. J. (2022). *Prevenir la violencia educando en valores*. Pirámide.



Garnham, W. A., e Gowers, I. R. (Eds.). (2023). *Active Learning in Higher Education. Theoretical Considerations and Perspectives*. Routledge.



Gavari, E. (Coord.). (2023). *La Educación Infantil en la Geopolítica del Siglo XXI*. Sanz y Torres.



Gillies, R. M., Millis, B., e Davidson, N. (Eds.). (2023). *Contemporary Global Perspectives on Cooperative Learning. Applications Across Educational Contexts*. Routledge.



Kühn, A. P. V., e Graíño, G. (Eds.). (2023). *La educación cívica en España. Y en perspectiva internacional*. Marcial Pons / Konrad Adenauer Stiftung.

López Ruiz, J. I. (Coord.)., e Escalante, R. J. (2023). *Proyecto curricular Globaliza. Migraciones y racismo*. Aljibe.

Mínguez, R., e Linares, L. (coords.). (2023). *La pedagogía de la alteridad. Un compromiso ético con otro modo de educar*. Octaedro.

NOVIDADES EDITORIAIS

Monsalve, L. (Coord.). (2022). *Investigación y diseño del currículo por competencias: el enfoque STEM. Aprendizaje por competencias*. Octaedro.



Muñoz, P. C. Sarceda, C., Fuentes, E. J., e Barreira, E. M. (Eds.). (2023). *La formación y la innovación educativa: ejes para la transformación social*. Dykinson.

Regueiro, B., Valle, A., e Ruido, P. (2023). *Los deberes escolares, en el punto de mira*. Desclée De Brower.



Ruiz-Corbella, M., e García Blanco, M. (2023). Teoría de la educación. Educar mirando al futuro. Narcea.

Salvá, F., e Quintana, E. (2023). *La educación para la igualdad de género. Una propuesta formativa para educadoras y educadores sociales*. Octaedro.



Santos Rego, M. A., Lorenzo, e García, J. (Eds.). (2023). *La educación en red. Una perspectiva multidimensional*. Octaedro.



Santos Rego, M. A., e Lorenzo, M. (Eds.). (2023). *Guía de aprendizaje-servicio universitario y empleabilidad*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Schulz, W., Fraillon, J., Losito, B., Agrusti, G., Ainley, J., Damiani, V., e Friedman, T. (2022). *Estudio Internacional sobre Educación Cívica y Ciudadana 2022. Marco de evaluación*. Ministerio de Educación y Formación Profesional / Springer.

Von Feigenblatt, O. F. (2023). *Tendencias y debates en la educación americana. Una perspectiva hispana*. Octaedro



NOVIDADES LEXISLATIVAS

Ofrecemos as novidades referentes á lexislación educativa dos últimos meses, tanto a nivel nacional como autonómico galego.

BOE

Real Decreto 272/2022, do 12 de abril, polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Aprendizaxe Permanente. BOE Núm. 109 Sábado, 6 de maio de 2022 Páx. 64147-64158.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/05/07/pdfs/BOE-A-2022-7490.pdf

Resolución do 4 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación, sobre a actualización do marco de referencia da competencia dixital docente. BOE Núm. 116 Luns, 16 de maio de 2022 Páx. 67979-68026.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/05/16/pdfs/BOE-A-2022-8042.pdf

Acordo do 5 de maio de 2022, da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial, polo que se modifica o modelo normalizado para solicitar a compatibilidade docente. BOE Núm. 129 Martes, 31 de maio de 2022 Páx. 74725.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/05/31/pdfs/BOE-A-2022-8885.pdf

Resolución do 26 de maio de 2022, da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, pola que se publica o Convenio coa Conferencia de Reitores das Universidades Españolas e o Ministerio de Universidades, para a elaboración de estudos periódicos sobre as retribucións do persoal docente e investigador con perspectiva de xénero. BOE Núm. 135 Martes, 7 de xuño de 2022 Páx. 77866-77871.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/06/07/pdfs/BOE-A-2022-9358.pdf

Resolución do 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. BOE Núm. 150 Venres, 24 de xuño de 2022 Páx. 88433-88483.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/06/24/pdfs/BOE-A-2022-10452.pdf

Orde UNI/645/2022, do 5 de xullo, pola que se fixan os prezos públicos polos servizos académicos universitarios e outros servizos na Universidade Nacional de Educación a Distancia para o curso 2022-2023. BOE Núm. 162 Xoves, 7 de xullo de 2022 Páx. 96082-96094.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/07/07/pdfs/BOE-A-2022-11305.pdf

Resolución do 1 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación sobre a certificación, acreditación e recoñecemento da competencia dixital docente. BOE Núm. 166 Martes, 12 de xullo de 2022 Páx. 97982-97986.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/07/12/pdfs/BOE-A-2022-11574.pdf

Real Decreto 628/2022, do 26 de xullo, polo que se modifican varios reais decretos para a aplicación da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ás ensinanzas artísticas e ás ensinanzas deportivas, e a adecuación de determinados aspectos da ordenación xeral de ditas ensinanzas. BOE Núm. 179 Mércores, 27 de xullo de 2022 Páx. 107681-107696.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/07/27/pdfs/BOE-A-2022-12503.pdf

Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. BOE Núm. 214 Martes, 6 de setembro de 2022 Páx. 123852-123922.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/09/06/pdfs/BOE-A-2022-14581.pdf

Resolución do 16 de setembro de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos da ensinanza de relixión islámica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. BOE Núm. 228 Xoves, 22 de setembro de 2022 Páx. 130052-130095.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/09/22/pdfs/BOE-A-2022-15418.pdf

Orde EFP/935/2022, do 27 de setembro, pola que se modifica a Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, pola que se regula o currículo mixto das ensinanzas acollidas ao Acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharel e de Baccalauréat en centros docentes españois, así como os requisitos para a súa obtención. BOE Núm. 236 Sábado, 1 de outubro de 2022 Páx. 134765-134808.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/10/01/pdfs/BOE-A-2022-15953.pdf

Real Decreto 800/2022, do 4 de outubro, polo que se regula a integración do profesorado do Corpo, a extinguir, de Profesores Técnicos de Formación Profesional no Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria, e se modifican diversos reais decretos relativos ao profesorado de ensinanzas non universitarias. BOE Núm. 239 Mércores, 5 de outubro de 2022 Páx. 136371-136384.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/10/05/pdfs/BOE-A-2022-16194.pdf

NOVIDADES LEXISLATIVAS

Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, pola que se regula a oferta formativa do sistema de Formación profesional no ámbito laboral asociada ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais efectuada polas administracións competentes, se establecen bases reguladoras, así como as condicións para o seu financiamento. BOE Núm. 239 Mércores, 5 de outubro de 2022 Páx. 136399-136430.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/10/05/pdfs/BOE-A-2022-16196.pdf

Real Decreto 889/2022, do 18 de outubro, polo que se establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación de ensinanzas universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que se regula o procedemento para establecer a correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores. BOE Núm. 251 Mércores, 19 de outubro de 2022 Páx. 141862-141889.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/10/19/pdfs/BOE-A-2022-17045.pdf

Resolución do 21 de novembro de 2022, da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, pola que se publican os criterios específicos aprobados para cada un dos campos de avaliación. BOE Núm. 305 Mércores, 21 de decembro de 2022 Páx. 178958-178984.

https://www.boe.es/boe/dias/2022/12/21/pdfs/BOE-A-2022-21729.pdf

Real Decreto 14/2023, do 17 de xaneiro, polo que se modifica o Real Decreto 242/2009, do 27 de febreiro, polo que se establecen validacións entre as ensinanzas profesionais de Música e de Danza e a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato, así como os efectos que sobre a materia de Educación Física deben ter a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento e as ensinanzas profesionais de Danza. BOE Núm. 15 Mércores, 18 de xaneiro de 2023 Páx. 6363-6368.

https://www.boe.es/boe/dias/2023/01/18/pdfs/BOE-A-2023-1190.pdf

Orde PCM/63/2023, do 25 de xaneiro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á universidade, e as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, no curso 2022-2023. BOE Núm. 23 Venres, 27 de xaneiro de 2023 Páx. 11448-11503.

https://www.boe.es/boe/dias/2023/01/27/pdfs/BOE-A-2023-2160.pdf

Resolución de 13 do febreiro de 2023, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 8 de febreiro de 2023, conxunta da Secretaría de Estado de Educación e a Secretaría Xeral de Universidades, pola que se establecen as adaptacións da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade ás necesidades e situación dos centros españois situados no exterior do territorio nacional, os programas educativos no exterior, os programas internacionais, o alumnado procedente de sistemas educativos estranxeiros e as ensinanzas a distancia, no curso 2022-2023. BOE Núm. 38 Martes, 14 de febreiro de 2023 Páx. 22417-22422.

https://www.boe.es/boe/dias/2023/02/14/pdfs/BOE-A-2023-3846.pdf

Real Decreto 117/2023, do 21 de febreiro, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2023-2024, e se modifica parcialmente o Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas. BOE Núm. 45 Mércores, 22 de febreiro de 2023 Páx. 26803-26821.

https://www.boe.es/boe/dias/2023/02/22/pdfs/BOE-A-2023-4652.pdf

DOG

Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 105 Xoves, 2 de xuño de 2022 Páx. 32285-32296.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220602/AnuncioG0655-240522-0001_gl.pdf

Orde do 27 de maio de 2022 pola que se modifica a Orde do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B). DOG Núm. 106 Venres, 3 de xuño de 2022 Páx. 32532-32535.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220603/AnuncioG0655-300522-0007_gl.pdf

Resolución do 25 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2022/23. DOG Núm. 108 Martes, 7 de xuño de 2022 Páx. 33266-33303.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220607/AnuncioG0655-300522-0001_gl.pdf

Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do proceso de admisión das ensinanzas de

NOVIDADES LEXISLATIVAS

formación profesional de grao básico para o curso 2022/23. DOG Núm. 108 Martes, 7 de xuño de 2022 Páx. 33304-33314.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220607/AnuncioG0655-300522-0006_gl.pdf

Resolución do 25 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regula o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) para o curso 2022/23. DOG Núm. 110 Xoves, 9 de xuño de 2022 Páx. 33789.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220609/AnuncioG0655-080622-1_gl.pdf

Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23. DOG Núm. 117 Luns, 20 de xuño de 2022 Páx. 35123-35180.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220620/AnuncioG0655-090622-0001_gl.pdf

Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. DOG Núm. 126 Luns, 4 de xullo de 2022 Páx. 37873-37964.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220704/AnuncioG0655-280622-0007_gl.pdf

Decreto 121/2022, do 23 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2022/23. DOG Núm. 128 Mércores, 6 de xullo de 2022 Páx. 38477-38491.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220706/AnuncioG0655-280622-0008_gl.pdf

Resolución do 22 do xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/23. DOG Núm. 128 Mércores, 6 de xullo de 2022 Páx. 38557-38615.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220706/AnuncioG0655-270622-0002_gl.pdf

Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude. DOG Núm. 130 Venres, 8 de xullo de 2022 Páx. 38935-38988.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220708/AnuncioG0657-290622-0001_gl.pdf

Resolución do 18 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2022/23. DOG Núm. 145 Luns, 1 de agosto de 2022 Páx. 42131-42170.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220801/AnuncioG0655-190722-0003_gl.pdf

Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 172 Venres, 9 de setembro de 2022 Páx. 47984-48056.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220909/AnuncioG0655-080922-3_gl.pdf

Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 183 Luns, 26 de setembro de 2022 Páx. 49595-50009.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0001_gl.pdf

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 183 Luns, 26 de setembro de 2022 Páx. 50010-50542.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0002_gl.pdf

Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 183 Luns, 26 de setembro de 2022 Páx. 50543-51110.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0003_gl.pdf

Orde do 7 de outubro de 2022 pola que se regulan a organización e o funcionamento do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional. Centro Eduardo Barreiros. DOG Núm. 197 Luns, 17 de outubro de 2022 Páx. 55182-55190.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221017/AnuncioG0655-101022-0001_gl.pdf

Orde do 19 de outubro de 2022 pola que se crean as comisións provinciais e a Comisión autonómica de seguimento do benestar e a convivencia nos centros educativos sostidos con fondos públicos. DOG Núm. 206 Venres, 28 de outubro de 2022 Páx. 56743-56751.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221028/AnuncioG0655-201022-0004_gl.pdf

NOVIDADES LEXISLATIVAS

Resolución do 21 de outubro de 2022 pola que se fai pública a composición do Consello Galego de Universidades. DOG Núm. 208 Mércores, 2 de novembro de 2022 Páx. 57483-57486.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221102/AnuncioG0655-241022-0004_gl.pdf

Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C). DOG Núm. 212 Martes, 8 de novembro de 2022 Páx. 58250-58299.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221108/AnuncioG0655-281022-0001_gl.pdf

Resolución do 7 de novembro de 2022, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o Plan xeral da inspección educativa para o curso 2022/23. DOG Núm. 220 Venres, 18 de novembro de 2022 Páx. 59915-59921.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221118/AnuncioG0655-101122-0003_gl.pdf

Resolución do 14 de novembro de 2022, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia e se determina o calendario para a tramitación de solicitudes de verificación e modificación de titulacións oficiais no Sistema universitario de G. DOG Núm. 223 Mércores, 23 de novembro de 2022 Páx. 60735-60741.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221123/AnuncioG0655-151122-0001_gl.pdf

Decreto 204/2022, do 24 de novembro, polo que se crea o Centro de Innovación Educativa e Dixital. DOG Núm. 231 Luns, 5 de decembro de 2022 Páx. 62230-62239.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221205/AnuncioG0655-281122-0001_gl.pdf

Decreto 216/2022, do 1 de decembro, polo que se modifica o Decreto 6/2018, do 11 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. DOG Núm. 242 Xoves, 22 de decembro de 2022 Páx. 65051-65052.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221222/AnuncioG0655-161222-0007_gl.pdf

Resolución do 13 de decembro de 2022 pola que se ordena a publicación do Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade. DOG Núm. 242 Xoves, 22 de decembro de 2022 Páx. 65113-65140.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221222/AnuncioG2018-131222-0002_gl.pdf

Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 4 Xoves, 5 de xaneiro de 2023 Páx. 1509-1511.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230105/AnuncioG0655-271222-0003_gl.pdf

Decreto 222/2022, do 7 de decembro, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG Núm. 7 Mércores, 11 de xaneiro de 2023 Páx. 3183-3200.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230111/AnuncioG0655-261222-0001_gl.pdf

Orde do 12 de xaneiro de 2023 pola que se ditan normas para a aplicación do réxime de concertos educativos cos centros docentes privados para o curso académico 2023/24 e seguintes (código de procedemento ED506A). DOG Núm. 14 Venres, 20 de xaneiro de 2023 Páx. 7620-7643.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230120/AnuncioG0655-130123-0001_gl.pdf

Decreto 12/2023, do 19 de xaneiro, polo que se crea e regula el Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia. DOG Núm. 25 Luns, 6 de febreiro de 2023 Páx. 11594-11613.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230206/AnuncioG0657-260123-0002_gl.pdf

Resolución do 13 de febreiro de 2023, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2022/23, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2023/24. DOG Núm. 36 Martes, 21 de febreiro de 2023 Páx. 14944-1962.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230221/AnuncioG0655-130223-0003_gl.pdf

NOVIDADES LEXISLATIVAS

Orde do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta. DOG Núm. 40 Luns, 27 de febreiro de 2023 Páx. 15558-15645.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230227/AnuncioG0655-140223-0001_gl.pdf

COORDINADOR DA REDE RIES

Dr. Miguel A. Santos Rego

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN:

GI 1790 COÑECEMENTO E ACCIÓN EDUCATIVA (ESCULCA)
Dir. Miguel A. Santos Rego

GI 1877 GRUPO GALEGO DE ESTUDOS PARA A FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL (GEFIL)
Dir. Carmen Sarceda Gorgoso

GI 1468 DIAGNÓSTICO E ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL (DIOEP)
Dir. Elena Fernández Rey

GI 1438 TECNOLOXÍA EDUCATIVA (TECNOEDUC)
Dir. Beatriz Cebreiro López

GI 1372 GRAMÁTICA DO ESPAÑOL (GRAMÁTICA)
Dir. Victoria Vázquez Rozas

GI 2171 GRUPO DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA MESTURA
Dir. Pablo César Muñoz Carril

GI EN EDUCACIÓN, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE (GIES 10)
Dir. Margarita Pino Juste

GI EN PSICOLOXÍA EDUCATIVA (GIPED)
Dir. Antonio Valle Arias

REDE de INMIGRACIÓN, ESCOLA e SOCIEDADE

Contacto:
Facultade de Ciencias da Educación
Despacho 28 (Módulo A)
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela (A Coruña)
http://redries.usc.es
rederies@gmail.com
Teléfono: 881 813 890

EQUIPO EDITORIAL

- **Carmela Cambeiro Lourido**
- **Jesús García Álvarez**
- **Anaïs Quiroga Carrillo**
- **Noemí Castelo Veiga**

Xa estamos traballando en…

– *Curso de Verán "A formación e emprego da xuventude nun mundo dixital" (Xullo, 2023)*

– *XV Seminario Internacional de Atención Educativa ao Alumnado Inmigrante (Novembro, 2023)*

Financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional-Unión Europea